

INTERNACIONALISMO, TERNURA DOS POVOS

SCD CONDADO, 2019

MAQUETAÇOM E DESENHO
BRUNO LOPES TEIXEIRO

COORDENAÇOM
NOELA VAZQUEZ LEDO

IMPRIME
SACAUNTOS COOPERATIVA GRÁFICA

MARGARITA LEDO

"Os meus comportamentos narrativos adoitan ancorar nese real que se agarra á construcción literaria para tronzar insolidariedades e que por iso se nos fai altivo cando escoa para unha das moitas versións en que se poderá manifestar. Eu agora corrixo probas nunha historia de personaxe que o tería todo para ser un heroe: inxenio, paixón, clarividencia, iniciativa, unha boa esquerda aos morros e un metro oitenta de estatura. Leva nun manicomio máis de vinte anos. E é de carne e oso. Como a literatura que desexo"
Margarita Ledo Andión, "Autopoética", *Boletín Galego de Literatura*, USC, 1990

Aos vinte anos da aparición do poemario *Parolar cun eu, cun intre, cun inseuto* (1970), esta referencia á novela *Porta Blindada* segue a remarcar unha das constantes da obra de creación da autora: o real como materia que precisa da fábula para que, ao retornar desta viaxe, poida bater as súas propias ás. Sempre existe un rastro carnal, sempre ese rastro precisa percorrer múltiplos rexistros até chegar, quizaves, a se recoñecer.

É autora de filmes como *A cicatriz branca* (2012) sobre as mulleres que emigraron soas;*Santa Liberdade* (2004), que narra aquela acción galego-portuguesa contra as Ditaduras de Franco e Salazar; *Manuel María:"eu son fala e terra desta miña Terra"* (2005/2016); *Liste, pronunciado Líster* (2007), *Cienfuegos*, 1913 (2008) ou, en 2017, *Bucle*, para o libro-CD "Herdeiras" de Carmen Penim.

PENSO EN TI TODO O TEMPO

Penso en ti todo o tempo. E collo hortensias azuis dun pequeno xardín público. Vilego. Ninguén repara neste tipo de xardíns feitos ao acaso. Eu si. Son xardíns feitos no sobrante, invisíbeis. Abandonados. Entre as hortensias azuis medran silvas que rabuñan os dedos e edras que aba fan as árbores.
Penso no teu cabelo todo o tempo. Nese cabelo sen comén nin fin coma se te non pertencese. Coma se pertencese ao porco bravo cando cae sen folgos nas escenas de caza. Como a perrera dunha mazaroca que quedou presa a ti na fuxida.

Embaixo da perrera vexo uns ollos que deben ser os teus. Ollan alén, ollan cara a nada, pasan rente as cámaras –tamén as de gas-, pasan rente a historia, pasan a declaración de dereitos humáns, chegan até acó, onde eu estou.

Penso todo o tempo en ti. Agora os teus ollos viraron cara a dentro da túa cabeza toda porca, cara a dentro da túa face chea de terra e da meixela esquerda con pegadas de sangue. Agora os teus ollos viraron cara a túa boca sen fala. Boh! Porqué non bota-la lingua!
Voute querer sempre con ese movemento automático da man polo rostro. Con ese lene movemento das pálpebras en que reparas que na man hai sangue. Con ese xeito natural para agachala mentres segues a ollar para alén da fala, para aquén do aletexo imperceptíbel dos cascallos, do barullo das sereas.

Penso en ti todo o tempo. En como as túas mans pousan nas coxas e na parte de dentro das pernas cheas de poeira. Penso seguido en ti. Nesa solitude que non es quen de comprender; que non son quen de comprender. Nesa solitude que fica aquén da morte. Nesa solitude para sempre que me mete o medo no corpo porque agora penso todo o tempo que nunca vou dar contigo para che dicir: heiche querer sempre.

Din que te chamas Omran. Din que tés 5 anos. Din que botaron bombas onde vives. Din que che caeron uns cascallos enriba da cabeza.
Para saber de ti, escríboche unha carta.

Chámome Nusiba. Son marroquina de Castro de Rei. Teño 7 anos e quero ser bailarina. Os papeis do meu pai e do meu irmao caducaron. É agosto de 2016. Vai moita calor, anque moita menos ca en Marrocos.

Heiche querer sempre.

Para Omran Dagneesh
Alepo
Siria